Cabe preguntarse, xa que logo, se o protestantismo tivo en Galicia repercusións alfabetizadoras, e se estas foron realmente significativas. Por de pronto, tivo consecuencias escolarizadoras, pois os partidarios desta confesionalidade relixiosa crearon 53 escolas de diferente duración e alcance entre 1900 e 1931. Pero a súa influencia neste eido non só foi directa, xa que tamén contribuíron a que a Igrexa católica se ocupase máis da instrución dos seus fregueses. Se os protestantes utilizaron o ensino como un conducto para o adoutrinamento relixioso, os católicos botaron man das mesmas armas. E é precisamente esta competencia entre confesionalidades relixiosas a que ten consecuencias positivas sobre a alfabetización, como teñen subliñado distintos autores.

O labor escolarizador dos evanxélicos variaba duns lugares a outros. Nalgún caso creaban unicamente unha escola dominical, pero noutros tiñan escola diaria, ben fose de día, ben de noite, ben nas dúas sesións, sendo tamén frecuentes as clases de lectura da Biblia para as mulleres. Vexamos algúns exemplos de lugares onde o protestantismo acadou maior implantación. Na cidade da Coruña había unha escola diaria diúrna e dúas dominicais, unha para nenos e outra para nenas, ademais de iniciarse ás mulleres na lectura da Biblia un día á semana (páx. 40). En Vigo había escola diúrna para nenos, nocturna para maiores e dominical e clases de Biblia para as mulleres (páx. 98). En Marín puxéronse en funcionamento varias escolas diarias diúrnas e nocturnas, dominicais e clases de Biblia, procedendo delas a maior parte dos novos adeptos (páxs. 153-203).

Para facérense realidade, estes proxectos escolares tiveron que vencer importantes atrancos. As autoridades en materia educativa resistíanse a dar autorización para a apertura dos centros evanxélicos, e mesmo chegaron a clausuralos, como aconteceu en Ribeira a principios do século XX. Polo demais, non sempre se dispuña do necesario profesorado, por máis que no seu recrutamento colaborase o Colexio Norteamericano de España, fundado por Alicia Gordon e Guillermo Gulick (páx. 101). Este profesorado tampouco se podía gratificar convenientemente, véndose obrigados algúns dos mestres evanxélicos a emprenderen o camiño da

emigración (páx. 193), o mesmo que farán outros que exercían no ensino público. Tamén tiñan dificultades para dispor de libros escolares axeitados, pois os existentes en España estaban saturados de doutrinas romanistas; nalgún caso utilizarán os que publicaba en castelán a editorial evanxélica *The Religions Tract Society* (páx. 102). Pero todos estes esforzos eran necesarios para ir formando un viveiro de novos adeptos e evitar que a escola pública -o ensino relixioso da cal estaba controlado pola Igrexa católica- neutralizase o seu labor pastoral.

A principal resistencia á actuación educativa dos protestantes non procedía das autoridades civís, senón do clero católico, o que resulta facilmente explicable, pois ambas confesionalidades competían por unha mesma clientela. Tan pronto como os primeiros creaban unha escola, o segundo tentaba disuadir á poboación de que recorrese aos seus servizos, e en moitos casos abría escolas alternativas, multiplicándose así a oferta escolar. Cando a finais do século XIX os evanxélicos abren escola diúrna en Loureda (Arteixo), un crego desta parroquia fai outro tanto, coa pretensión de “destruír” aquela; cando os protestantes trasladan a escola á noite, o crego di que foi “persoalmente ás casas dos pais que lles mandaban os nenos e ameaceinos coa negación sacramental en vida e en morte coa exclusión (sic) de sepultura eclesiástica, e ao momento trasladei a miña escola á noite (...)” (páx. 59). En Vigo contraatacaron xesuítas, salesianos e fran-

ciscanos. En Marín foi o propio Arcebispo de Santiago quen interveu para crear varias escolas católicas co propósito de combater as sostidas polos protestantes.

¿Repercutiu de forma significativa o protestantismo -directamente a través das súas propias escolas, e indirectamente fomentando o interese do catolicismo pola escolarización- no coñecemento da lectura e da escritura por parte dos galegos e galegas?. O autor semella inclinarse a prol dunha resposta positiva: “Como xa fixemos notar en Marín, o equipamento escolar de Bueu e a diminución de analfabetos (en 1887 o 75% e en 1910 o 54%), tamén ten aquí unha relación causal coa presenza protestante e as súas escolas” (páx. 207). De todas formas, se contrastamos as taxas de alfabetización destes dous concellos cos do resto das Rías Baixas e co conxunto da provincia de Pontevedra, non se observa neles unha maior difusión social da lectura e da escritura, segundo teño comprobado nunha investigación en curso acerca da alfabetización da sociedade galega no período contemporáneo. Centrándonos en Marín, onde o protestantismo acadou un importante nivel de implantación, cando menos en termos relativos, resulta que a taxa de alfabetización masculina é sempre inferior á media provincial e case sempre máis baixa que a do conxunto dos concellos das Rías Baixas, se ben é certo que as distancias tenden a acurtarse co paso do tempo, sobre todo a finais do século XIX, coincidindo cos inicios da presenza do protestantismo por estas

terras. No tocante ás mulleres a situación é bastante similar. Así pois, sen cuestionarmos a incidencia da disidencia relixiosa no proceso de alfabetización, a súa magnitude semella ser máis ben modesta, e en todo caso habería que pescudala máis de vagar.

Polo demais, e con independencia da súa función alfabetizadora, os protestantes contribuíron á difusión da práctica da lectura, que constituía un elemento central do seu ideario. Unha das características das Asembleas de Irmáns, presente en Galicia, era precisamente a de que “inician de inmediato ós seus seguidores na lectura da Biblia e son asiduos estudiosos da mesma (fundamentalistas na súa interpretación), como única fonte de fe e principal de oración” (páx. 25). De aí que unha parte importante dos seus esforzos se centrasen na difusión dos textos bíblicos, aproveitando feiras e outros lugares que congregaban á xente, labor que se verá entorpecido con frecuencia polas autoridades.

Estamos, en suma, ante un libro que supón unha importante contribución á historia de Galicia. O traballo realizado polo autor, recadando fontes escritas aquí e acolá e procurando informantes que puidesen aportar o seu testemuño persoal, é realmente meritorio e debemos subliñalo especialmente. Facemos votos para que nun futuro próximo se ocupe, de forma específica, da dimensión escolarizadora e alfabetizadora do protestantismo en Galicia.

Narciso de Gabriel

ESCOLANO BENITO, A., *Tiempos y espacios para la Escuela. Ensayos históricos. Biblioteca Nueva, Madrid, 2000, 255 pp.*

É gratificante poder saúdar unha nova colección editorial no noso campo das ciencias da educación. Que esta forme parte, baixo o intelixente rótulo de “Memoria y crítica de la Educación”, da recoñecida editorial Biblioteca Nueva, e que esté ao cuidado do profesor Agustín Escolano é ademais un dato alentador. E así, os primeiros títulos parecen mostrar un camiño editorial cultivado e tecido pola forza dos ensaios maduros e por unha acorde forma literaria para abordar temáticas como as da ILE (Antonio Molero), o Currículum e a identidade nacional (M^a Mar del Pozo), a cultura escolar en Europa (Julio Ruíz Berrio), ou como a que agora nos ocupa.

En efecto, abrindo e marcando un certo punto na colección sitúanse estes ensaios históricos (*Tiempos y espacios para la escuela*) que procuran unha reflexión sobre os lugares e os tempos das escolas, que son na súa historicidade dous rexistros empíricos da memoria da educación; plasmación, construción e expresión de entendementos e desiderata relativos ás finalidades sociais das políticas educativas. Dise na carátula que os presentes ensaios abordan, nunha perspectiva xenealóxica, os procesos sociohistóricos de construción dos cronosistemas educativos e dos escenarios materiais e simbólicos da escola elemental no período

de entreséculos (XIX-XX), momento este no que se “formalizan” como estruturas pedagóxicas modernas.

Estamos ante unhas temáticas que estaban practicamente ausentes, entre nós, hai uns 20 anos, ou mesmo hai dez. Foi o profesor Escolano quen abordou socio-historicamente a cuestión dos tempos escolares e os seus significados desde as páxinas da *Revista de Educación* e a el mesmo se lle debe a aplicación das formulacións e análises semióticas á comprensión do espacio e da arquitectura escolar, o que permite enriquecer as perspectivas de análise desta cuestión, ata hai pouco máis atentas aos significados didácticos e estéticos “externos” e mais evidentes.

Recollendo reflexións previas como as de Gillo Dorfles sobre a semiótica arquitectónica, de Mesmin sobre a arquitectura e o espacio escolar, de U. Eco en *A estructura ausente*, ou de P. Sacchetto sobre os obxectos escolares, e poñendo atención nos niveis sintácticos, semánticos e pragmáticos, o profesor Escolano penetra ensaísticamente en asuntos como a xenealoxía do almanaque escolar (tempo formal e tempo real), o horario como cronograma escolar, as tradicións e as reformas dos tempos escolares en Europa, e a arquitectura escolar como discurso e programa que hai que captar nas súas lóxicas e interrelacións “internas” e non evidentes, e nas representacións espaciais do *locus* escolar, que é tamén un escenario

de representación.

Reune por este modo sete ensaios, tres para cada un das dúas grandes cuestións e un de conxunto e de apertura, tendo presente pois a historicidade (espacio-temporal) dos constructos escolares. Por fin, en páxinas finais e da man da Sabia Melusinda, de quen falaba Luis Bello, realiza unha reflexión sobre os ideais espacio-temporais perseguidos polos rexeneracionistas, institucionistas e reformadores, á búsqueda dun camiño de luz iluminado polos ideais educativos ilustrados.

Ensaio histórico denso, para ler de vagar, quizais cerre reflexivo por parte do autor a unhas temáticas, que sen embargo, deberán aínda “esponxarse” e enriquecerse a través de outras aportacións e da súa integración na reflexión consolidada dos historiadores da educación. Ensaio, pois, destinados a ser punto de referencia.

Antón Costa Rico

RUIZ, J.; BERNAT, A.; DOMÍNGUEZ, M^a R.; JUAN, V. M. (Eds.): *La Educación en España a examen (1898-1998). Jornadas nacionales en conmemoración del centenario del Noventaiocho, Vs. I y II, Zaragoza, Ministerio de Educación y Cultura/Institución “Fernando el Católico”, 1999.*

La conmemoración del centenario del Noventaiocho que suscitó múltiples eventos culturales en su momento, no podía menos que provocar una reflexión sobre la enseñanza, “al estilo de los hechos por los reformistas

del último periodo intersecular”, en la España de finales del siglo XX. Con tal motivo se celebraron unas Jornadas Nacionales sobre “La educación en España a examen (1898-1998)”, los días 17, 18 y 19 de diciembre de 1998. La iniciativa, que contó con el auspicio de la Sociedad Española de Historia de la Educación, fue llevada a cabo por el profesor Julio Ruiz Berrio, Catedrático de Historia de la Educación de la Universidad Complutense y miembro de dicha Sociedad, y un grupo de activos profesores de la Universidad de Zaragoza entre los que cabe citar a M^a Rosa Domínguez Cabrejas, Antonio Bernat Montesinos y V. M. Juan Borroy. El marco fue la Universidad de Zaragoza, aludiendo al especial protagonismo que tuvo este ámbito territorial en algunos de los acontecimientos más señalados protagonizados por el movimiento regeneracionista.

La obra que comentamos, en cuya publicación colaboró el Ministerio de Educación y Cultura y la Institución “Fernando el Católico” de la Diputación de Zaragoza, recoge los materiales elaborados y debatidos en tales Jornadas.

La amplia y variada temática de la educación española del XX puesta a examen, se concentra en cinco grandes capítulos que aluden a la propia estructura que tuvieron las Jornadas: los discursos pedagógicos, las políticas educativas, las prácticas escolares, la educación popular y las relaciones pedagógicas con Europa y América. Cierra la

publicación el bloque de cuatro conferencias impartidas durante las Jornadas.

Como bien observa el profesor Ruiz Berrio en la introducción a la obra, cada capítulo presenta una estructura semejante, que comprende dos partes: una parte introductoria que incluye, junto a la propia introducción del capítulo, un trabajo en profundidad sobre la temática del mismo, realizado por encargo a conocidos especialistas en el ámbito de la Historia de la Educación española, y otra parte que recoge las contribuciones puntuales que a modo de comunicaciones se presentaron en cada sección de las Jornadas. Como es de suponer en una obra de esta índole, y ello también lo observa Ruiz Berrio, no cabe esperar ni el mismo nivel de interés ni el mismo grado de originalidad en todos los trabajos. Algunos, especialmente las ponencias, consideramos que constituyen referentes imprescindibles para la construcción de una historia escolar del siglo XX que todavía está por hacer. Ciertamente es, que una historia escolar centrada fundamentalmente en la enseñanza primaria, en tanto que los niveles educativos medio y superior han quedado más olvidados en la revisión que se ha realizado en las Jornadas. Desde este punto de vista, y con la limitación anteriormente señalada, la contribución de las Jornadas, y por tanto de esta publicación, a examinar los distintos ámbitos educativos de nuestra historia más reciente, orientando el trabajo de los historiadores de la educación hacia un periodo que reclama más atención por parte de este

colectivo, es ya de por sí todo un mérito.

Aunque toda elección implica el riesgo de no destacar aportaciones de gran interés y valía en algunos de los aspectos sometidos a examen, queremos hacer una breve referencia a las contribuciones de Conrad Vilanou, Juan Manuel Fernández Soria, Ramón López Martín, Jean Louis Guereña y Vicente Peña Saavedra, autores de las ponencias presentadas a las Jornadas, con la intención de que el lector potencial de esta obra disponga de una breve referencia de lo que va a encontrar en la misma.

Conrad Vilanou, en un trabajo excelente desde un profundo análisis del pensamiento español moderno, aborda los discursos pedagógicos que han dejado una huella más profunda durante el periodo que va desde 1896 a 1940, fecha que significa una quiebra en la evolución del pensamiento moderno en España. Se inicia con la herencia del siglo XIX: Krausopositivismo e institucionismo. Siguen: La pedagogía como discurso científico-positivo, los diálogos con las modernas corrientes de la filosofía, desde el Kantismo a la fenomenología, desde el vitalismo al pragmatismo, la restauración neoescolástica, el discurso político-social, la escuela unificada y la derrota del pensamiento pedagógico.

Juan Manuel Fernández Soria centra su estudio en la intervención del Estado en la enseñanza durante el siglo XX. Analiza las políticas educativas que se adoptan en esta centuria y el giro que experimentan al com-

pás de los vaivenes políticos y de los distintos regímenes que se suceden en el transcurso del siglo. Precisamente, como dice el autor, “la crisis del 98 significó el planteamiento de problemas en muchos ámbitos de la vida española pero, sobre todo, señaló urgencias y necesidades de política educativa que se van a discutir, es cierto que sin apenas éxito y quizás con excesivo coste social, hasta el estallido del auténtico desastre de la Guerra Civil, cuya resolución va a desembocar en la victoria de esa otra manera de entender España: volviendo a una tradición añorante y hermética, que optó por recuperar las siete llaves con las que Costa propuso cerrar el sepulcro del Cid”.

Ramón López Martín se propone analizar algunos de los referentes básicos que marcan la evolución de la práctica escolar, o más bien, de las prácticas docentes, en el transcurso del siglo XX, auténtica “caja negra” de la historiografía pedagógica. El autor se centra en algunas de las variables que inciden en la práctica escolar: el contexto legal y social, la preparación pedagógica del maestro y las posibilidades materiales que ofrece cada escuela. La amplitud del periodo de estudio le obliga a realizar tres cortes: el primer tercio del siglo XIX, la España de los años sesenta y setenta y los cambios y reformas en las prácticas escolares de la España de la democracia.

La práctica escolar está sujeta a un conjunto de variables multirrelacionadas que pre-

sentan un entramado difícil de desentrañar. Por ello los estudios sobre la “cultura escolar” y más, sobre aspectos prácticos, son ciertamente escasos. El autor, desde esta declaración de principios, pretende “ordenar lo ya conocido, abrir puertas de reflexión o presentar algunos referentes que expliquen la evolución de esa práctica escolar en el transcurso del siglo XX”.

Para Jean Louis Guereña la educación popular comprende “el conjunto polimorfo de los procesos de formación pretendiendo la educación de las clases populares (...) –jóvenes en edad escolar, según la normativa vigente pero no escolarizados en el circuito escolar, adultos y adultas no alfabetizados o deseando un complemento de formación-, realizados fuera –o paralelamente- de los circuitos y procesos escolares institucionales o reglados (tanto públicos como privados)”. Esta formación podrá tener distintas características y niveles, desde la mera alfabetización hasta la formación profesional y la cultura general. Incluso podrá tratarse de una educación formal o informal. En el trabajo de Guereña se definen públicos, actores y estrategias de los procesos educativos, en el marco del concepto de educación popular del que parte el autor, relativos a principios de siglo.

La mirada educativa hacia Europa, iniciada en el siglo XIX, se profundiza en el XX. Igualmente, los lazos abiertos con América, reforzados por la emigración trasoceánica y sus repercusiones en el campo escolar, aflo-

ran en el panorama educativo de principios de siglo. Vicente Peña Saavedra analiza la incidencia de la emigración sobre el área educativa, reconociendo que, aunque ésta tiene múltiples vertientes susceptibles de análisis, la que mayor atención ha merecido es la intervención escolar de los ausentes en sus lugares de procedencia. A ello hace alusión la ponencia, enfatizando la dimensión innovadora de tales contribuciones en el contexto donde se hacen efectivas, y procediendo a un análisis regional “por estimar que esta demarcación resulta la más idónea para su estudio, en analogía con el propio fenómeno migratorio del que en definitiva dependen”.

Enriquecen la obra los textos de las cuatro conferencias impartidas en las Jornadas a cargo de Julio Ruiz Berrio (“La enseñanza en vísperas del 98. Rasgos y orígenes”), Consuelo Flecha García (“La educación de las mujeres después del 98”), Eloy Fernández Clemente (“Propuestas educativas de dos 98s”) y Antonio Bernat Montesinos (“Perspectivas educativas a cien años del Noveintay ocho”).

Para terminar, queremos precisar que, a la riqueza temática de la obra, se añade una publicación sumamente cuidada, algo a lo que no siempre estamos acostumbrados en una obra de estas características.

Carmen Benso Calvo

MORALEJO ALVAREZ, R. (Comisaria), *Ex-libris universitatis. El patrimonio de las bibliotecas universitarias españolas, Catálogo de la Exposición promovida en Santiago de Compostela (Outono 2000) por la Red de Bibliotecas Universitarias (REBIUN), Edición de la CRUE, Madrid, 2000, 365 pp.*

Vivimos un notable momento cultural relativo ao recoñecemento dos patrimonios libraríos conservados en distintas institucións en toda a xeografía hispana. Hai tan só unha década os libros antigos (entendidos como anteriores ao ano 1800) eran comunmente só eso, libros antigos, libros vellos, armaceados, descoñecidos, memoria fraxil e adormecida de outro tempo, expresións quizais de outras sensibilidades e mentalidades xeralmente consideradas “antigas”, “medievais”, “barrocas”... distanciadas da modernidade e mesmo de non doada comprensión desde o noso tempo. Con algunhas excepcións. Efectivamente algúns títulos, algúns libros de outro tempo, seguiron conservando o seu valor e vigor, pero relativamente poucos, fora dos repetidamente citados como formando parte dos diversos cánones disciplinarios. Moi contados especialistas hai só unha década se adentraban con coñecemento na valoración dos patrimonios libraríos. Hai pouco tempo as propias institucións bibliotecarias e culturais, agás excepcións moi motivadas, non recoñecían (suficientemente) o valor específico dos patrimonios bibliográficos acumulados en cada caso.

Para os investigadores da historia cultural

e das mentalidades sociais os libros como obxecto, como soporte, como expoñente, como materialización mesmo de datos culturais notables e significativos non eran tampouco materia abordada en debida forma.

Hai dez anos só. O panorama, sen embargo, tranformouse declaradamente ao longo da última década. A bibliografía elaborada por un maior número de profesionais, as perspectivas abertas pola "historia cultural", a ruptura máis sólida co positivismo histórico e determinados impulsos institucionais e de padroado (e aquí, sen dúbida, é de lei citar os esforzos despregados pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez) teñen contribuído a este novo panorama. Deste modo, o recoñecemento da materia bibliográfica, as "noticias de re bibliographica", e dos seus significados culturais, comezan hoxe a impregnar os estudos histórico-culturais, ao que teñen contribuído tamén os numerosos catálogos de exposicións conmemorativas de diversos acontecementos. A este respecto, e sen animo exhaustivo, podemos citar, aínda sen orde particular, os Catálogos dos Pabellóns Temáticos da Exposición Universal de Sevilla (1992), os preparados con ocasión do IIIº Centenario do reinado de Carlos III (*A Ilustración*), os máis recentes con ocasión das conmemoracións dos reinados de Carlos I e do seu fillo Felipe II (por exemplo *Felipe II en la Biblioteca Nacional*), ou con ocasión do encontro con América (por exemplo, *Ciencia y técnica entre viejo y nuevo mundo Ss. XV-XVIII*, ou *La Paz y la Guerra en la época del*

Tratado de Tordesillas, 1994).

En todos eles, os libros... de filosofía, de náutica, de astronomía, de historia, de xeografía, de ciencias naturais, amén dos literarios e outros cobran un espacio e lugar destacado. Como tamén cobran lugar noutros catálogos e coleccións como os editados por exemplo polo Museo Naval de Madrid, polo Museo de Ciencias Naturais da Universidade de Santiago, pola Deputación Provincial de A Coruña (*La seducción de los sueños*), pola Universidade de Santiago (Catálogo *Gallaecia Fulget* de 1995), ou as promovidas pola Fundación G. Sánchez Ruipérez ("Biblioteca del libro", mimada por Hipólito Escolar), a Editorial Trea de Xixón, ou a Dirección Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia ("Bibliofilia de Galicia"). Son exemplos.

Falamos así dun panorama actualmente interesante que debe tamén moito aos estudos de autores como Douglas Mcmurtrie (*The book*, Oxford University Press, 1965), L. Febure e H. J. Martin (*L'apparition du livre*, Paris 1958, en español en FCE desde 1962), E. Eisenstein (*La revolución de la imprenta en la Edad Moderna Europea*, Madrid, 1994; orix. En Cambridge U. Press, 1983), Hipólito Escolar, Agustín Escolano, Guglielmo Cavallo, Roger Chartier, ou Armando Petrucci (*Libros, editores y público en la Edad Moderna*, Valencia, 1990).

Neste marco e contexto podemos situar a actual exposición compostelana e o fermoso

catálogo que a acompaña, para recoller 209 pezas bibliográficas (códices e libros impresos) escolmadas entre as posibles existentes nas bibliotecas universitarias españolas. Famosas e recoñecidas unhas, menos percibidas outra, responden en conxunto á procura e acopio de saberes e de soportes documentais realizados nas Universidades hispanas ou arredor delas fundamentalmente entre os séculos XV e XVIII.

En efecto, a presente Exposición, co-dirixida con mestría por María Virtudes Pardo Gómez, directora da Biblioteca Xeral Universitaria de Compostela, mostra 36 códices, a partir dun *Beato* do ano 970, 38 obras incunables e unha extensa nómina que responde ao rótulo “La librería de la Universidad”, con obras de variados saberes. O catálogo que a acompaña da conta de todas e cada unha das pezas: portada ou ilustración gráfica singular, nº de catalogación, ficha catalográfica, depósito/s, explicación da peza, e referencias bibliográficas e de estudio de cada unha delas, entre outros datos, como os valiosos índices do catálogo (de redactores, de autores, de lugares de impresión, de impresores-editores-libreiros, de Universidades onde están depositadas as distintas pezas) ou unha bibliografía xeral abreviada. Xunto ás temáticas varias podemos tamén observar as distintas linguas (latín, árabe, hebreo, castelán, catalán, persa,...).

Non termina aquí o Catálogo, en tanto

que as súas primeiras 163 páxinas conteñen aportacións e acompañamentos elaborados por recoñecidos estudiosos: Mariano Peset (“Libros y Universidades”), Sánchez Mariano (“Códices y manuscritos”), Martín Abad (“los incunables de las Bibliotecas Universitarias españolas”), Klaus Wagner (“Imprenta y Libro en España en el siglo XVI”), Jaime Moll (“la industria editorial española en el siglo XVII”), Antonio Mestre (“Las bibliotecas universitarias en el siglo XVIII y los profesores”), e Díaz de Bustamante (“Orígenes y trances de los fondos de las Bibliotecas universitarias españolas”). Acompañamentos a un catálogo que son mostra e manifestación dos cambios panorámicos aos que temos aludido.

Estamos así ante un documento que senon tan abondoso como o que o Padre Sarmiento proclamaba (*Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para una librería de un particular que desee comprar de tres a cuatro mil tomos, 1748*), si tan valioso como balance de esforzos realizados e base de impulso para novos retos de coñecemento arredor dos libros, como expresión de climas e preocupación culturais.

Anotamos, como final, a grata sorpresa que nos produce ver o notable lugar que entre todas ocupa a Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela, que dispón nesta hora de bos amadores de libros; de aqueles libros que Bustamante e outros profesores e profesoras e bibliotecarias como Carmela Otero e Daría Vilariño tanto protexe-

ron en momentos de algunha inclemencia.

Antón Costa Rico

LEON, M^a T.: Memoria de la melancolía. Madrid, catedra, 1999

Tarde y a destiempo. Todavía estoy temblando... ¡Por fin he podido leer *Memoria de la melancolía*, de María Teresa León! Por azares del destino, no pude leer este libro hasta ahora mismo, en el arranque ya del 2000. Edición de Cátedra, pulcra y cuidada. Casi con demasiadas notas a pie de página, aunque muchas de ellas útiles. ¡Qué intensidad! ¡Qué calidad humana! ¡Cuánta vida dada!

La estructura de la obra ha sido un hallazgo felicísimo de María Teresa. Pero, ¿por qué tanta injusticia y tanto olvido? ¿Podremos ver algún día lo que dejó inédito? María Teresa León inicia el relato de su intensa vida, junto a Rafael Alberti, allá por los años 60 -casi a finales-, cuando ella misma frisaba también esa edad. Y lo hace, alternando su vida de entonces, en Roma, con expresivos *flash-backs* en los que va desgranando la memoria de su infancia burgalesa, madrileña o barcelonesa, reviviendo un mundo ya definitivamente acabado. Su vida pasada está muerta. España estaba muerta. El exilio era la muerte...

He aquí una de las ideas recurrentes del libro: España y la idea de España, tras la derrota popular de 1939. Idea que María

Teresa desarrolla, en unos casos, a partir de su propia experiencia y, en otros, a partir por ejemplo del quemante testimonio poético de Luis Cernuda, Emilio Prados o el propio Rafael Alberti. España ha muerto... Esa es la dramática constatación. Porque la España entusiasta y popular de los años 30 estaba sostenida por todos sus pueblos sin excepción.

También María Teresa comparte la afirmación terminante de María Zambrano: "nunca habíamos estado tan contentos juntos; porque nunca estuvimos contentos y muy pocas veces juntos". y sabía por ejemplo que las viejas nacionalidades históricas apoyaban a la República sin reservas. Por eso Manuel Azaña había podido gritar en Barcelona "Viva España", siendo coreado por la multitud. Por eso el PNV apostó por la República hasta el final. Y por eso Galicia aprobó mayoritariamente el Estatuto. Tiempos aquellos en que "todo era sumar", como también dice María Zambrano. Después, la guerra sellaría con sangre ese sentimiento...

Con Franco, todo iría a peor. La actitud fascista de forzar una unidad artificial de España, tuvo exactamente el efecto contrario: la rompió por dentro. Y ya nunca más -hasta hoy mismo- se pudo recomponer. Hablar de esa España de la idea franquista de España, en Euskalerria, Cataluña o Galicia es buscar sentimientos cercenados hace tiempo, sentimientos imposibles para la mayoría y que hoy son sólo la herencia de la derecha más cerrada. Fue Franco el que nos legó una "cuestión nacional"

envenenada por el odio y el resentimiento. La reestructuración del Estado es hoy una necesidad apremiante para restañar de una vez las viejas heridas.

Cuestión política de fondo la que, curiosamente, aparece en este libro, aparentemente tan de memorias, tan personal y tan lírico. y nosotros la queremos destacar aquí porque si ya se correspondía con la actualidad amarga de los 60 en los que escribía María Teresa León, mucho más nos apremia ahora mismo ante la situación casi límite de Euskadi, por ejemplo. Así, pues, oportunísima esta edición. ¡Cuánto tiene que agradecer la historia moderna de los pueblos de España a los “memorialistas” de la generación del 27!

Herminio Barreiro

MARCO LOPEZ, A., PORTO UCHA, A. S.: *A Escola Normal de Santiago de Compostela. De Escola Normal Superior a Escola Universitaria (1849-1996). Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 2000, 379 pp.*

Co gallo da celebración do 150 aniversario da creación da Escola Normal Superior de Santiago, a Universidade compostelá, a través do seu Servicio de Publicacións, vén de publicar na colección *Textos Históricos Fonseca* este pertinente e atinado estudio do que son autores os profesores Aurora Marco López e Anxo Serafín Porto Ucha, ós que hai

que agradecer, en primeira instancia, o esforzo e dedicación desenvolvida para poñer un espléndido peche ó conxunto de actividades coas que se veu celebrando ó longo de todo un ano o século e medio de vida da Escola Normal santiaguesa. A publicación deste traballo ten ademais un valor engadido, e polo tanto maior importancia: vén encher un baleiro excesivamente alongado no tempo, contribuíndo así á reconstrución do mapa histórico da formación do profesorado de ensino primario en Galicia. De aí o mérito do traballo do profesor Porto e a profesora Marcos, que contribúe ó mellor coñecemento da realidade educativa e á comprensión da evolución do pensamento pedagóxico xa non só en Galicia senon tamén no resto de Estado.

Sustentado nunha metodoloxía baseada na exploración documental, o traballo artéllase en catro partes divididas á súa vez en oito capítulos. As tres primeiras están definidas segundo unha lóxica e matizada ordeación cronolóxica que nos facilita unha visión de conxunto da institución desde a súa inauguración en 1849 como Escola Normal Superior de mestres, pasando pola súa transformación en Escola Normal en 1914, ata a súa integración, despois de numerosos cambios políticos e académicos, como Escola Universitaria, na Facultade de Ciencias da Educación no ano 1996. Esta longa traxectoria permite o tratamento de múltiples e variados temas e aspectos que os autores expoñen axeitadamente, en base a criterios descripti-

vos e explicativos, conseguindo ofrecer un panorama global do devir histórico da institución equilibrado e ricaz. Son abundantes as referencias á historia das Escolas Normais en España, pero escasas as que aluden a Galicia por mor da pouca bibliografía existente, porque a única Escola Normal historiada, polo de agora, era a de Pontevedra, traballo do que tamén é autor o profesor Porto Ucha. Temos fundadas esperanzas de que nun futuro non moi lonxano a situación no que a Galicia se refire cambie, xa que á parte dos compromisos adquiridos polos autores deste traballo de completar liñas de investigación previas e outras abertas á carón del, sabemos do interese doutros investigadores por estes temas que a non moito tardar darán os seus froitos.

A cuarta parte do traballo, titulada xenericamente *Biografías e Testemuñas*, ten un carácter máis propio da conmemoración, aínda que sen perder en ningún momento o rigor e tono coidado das outras tres. Se cabe, aquí o discurso enriquecese coas reflexións e experiencias de persoas vencelladas á institución e a reconstrución das biografías de directores e profesores da Escola desde os primeiros tempos, algúns deles inxustamente esquencidos. Unhas e outras axúdannos a descubrir a intrahistoria social e institucional de Santiago e a súa Universidade, por moito tempo “metade convento, metade igrexa”, como dixera Murguía. Magoa que a amplitude da investigación e o seu fin asociado non permitise afondar máis na pescuda de

testemuñas, especialmente de alumnos, que de seguro axudarían a comprender, aínda mellor, o mérito de ser mestre en tempos pouco propicios, cando Escola Normal e Universidade camiñaban de costas. Hoxe, afortunadamente, a realidade é outra e así se recolle tamén no traballo, pero convén non esquencer tempos pretéritos.

Cando en 1929 Luis Bello chega a Santiago -a “cidade sen escolas”- visita “a institución creadora de mestres” que daquela ocupaba o antigo Colexio de San Xerome no incomparable marco da praza do Obradoiro e “de costas á Universidade”. Sabemos que, cando menos en Galicia, as Escolas Normais estiveron sometidas a constantes cambios de ubicación o que, de certo, reflicte a pouca consideración que estes centros recibían de parte das autoridades académicas e políticas. No caso da Escola de Maxisterio de Santiago, a situación non debeu ser moi diferente no que atinxe ás relacións institucionais e mesmo á actitude da cidade e os seus cidadáns, á vista das testemuñas recollidas na investigación e á documentación aportada. Na crónica maxistral do autor de *Viaje por las escuelas de Galicia* xa se albiscaba esta realidade.

O traballo complétase cun abudante e preciso apartado de anexos. Cómpre salientar tamén o coidado que os autores teñen posto na selección e equilibrada secuenciación das ilustracións que procedentes de distintos fondos -institucionais ou privados- con-

siguen achegarnos á realidade do centro e os seus personaxes case sempre de forma sorprendente.

Agradecer, por último, o coidado e a esixencia que o Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago vén de poñer na edición deste traballo, e mesmo a iniciativa de levar adiante a colección na que se acolle, que esperamos siga a medrar ó abeiro do rigor investigador e a diversidade.

J. Luis Iglesias